

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 26 DE SETEMBRO DE 2018.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte seis de setembro de dous mil dezaoto; as dez da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro e Dona María López Touza. Non asiste Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado dezaoto de setembro do dous mil dezaoto (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Outorgamento licenza de obras 1912/2017 RIB / N/129.7/16

Visto o escrito presentado por **Don José Luis López Vázquez en representación de Abantiare Sociedad Inversora SL**, onde solicita Licenza de Obras para “ Documentación modificada. Modificado de Proxecto básico para edificio de 21 vivendas, garaxes, local comercial e rochos en Ribadavia, para execución en dúas fases de edificación : Edificio 1 , con 11 vivendas, garaxes e rochos e Edificio 2 , con 10 vivendas, local comercial e rochos” firmado polo arquitecto don Marcos Domínguez De Diego , en representación da sociedade Tecsenplan.

Consta “ Documentación modificada. Modificado de Proxecto básico para edificio de 21 vivendas, garaxes, local comercial e rochos en Ribadavia, para execución en dúas fases de edificación : Edificio 1 , con 11 vivendas, garaxes e rochos e Edificio 2 , con 10 vivendas, local comercial e rochos” firmado polo arquitecto don Marcos Domínguez De Diego , en representación da sociedade Tecsenplan.

Consta informe favorable da Arquitecto Municipal de data 19 de setembro de 2018.

Consta informe do Secretario municipal de data 20 de setembro de 2018.

A Xunta de Goberno Local acorda :

Conceder licenzas a por **Don José Luis López Vázquez en representación de Abantiare Sociedad Inversora SL**, para “ Documentación modificada. Modificado de Proxecto básico para edificio de 21 vivendas, garaxes, local comercial e rochos en Ribadavia, para execución en dúas fases de edificación : Edificio 1 , con 11 vivendas, garaxes e rochos e Edificio 2 , con 10 vivendas, local comercial e rochos” firmado polo arquitecto don Marcos Domínguez De Diego , en representación da sociedade Tecsenplan.

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licenzas outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 144.3 da Lei do Solo de Galicia, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: *O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.*

Caducidade: *A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.*

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: *Vivendas, garaxes, local comercial e rochos.*

Contía na que se orzan as obras: 508.683,84 €

Situación e emprazamento das obras: Piñeiral nº1, Esquina Rúa Rodríguez de la Fuente.

Nome ou razón social do promotor: Don José Luis López Vázquez en representación de Abantiare Sociedad Inversora SL.

Prazos: O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de dezaotoito (18) meses, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

Liquidación do ICIO: Tendo en conta que con data 1/12/2016, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a contía de 12.885,60 euros, procedese a práctica de liquidación complementaria por importe de 340,17 euros

OUTRAS CONDICIONS.-

-Antes do inicio das obras presentarase o Proxecto de Execución , e os oficios de Dirección de obras, Dirección de Execución das obras e Coordinación en materia de seguridade e saúde.

No citado proxecto de execución definirase o detalle construtivo, incluíndo o illamento térmico, da sección, pola zona de estar vivenda D da planta cota 7,80.

-Deberá constituir un aval económico referido a urbanización por importe de 21.408,43 euros.

En caso de ser necesaria a ocupación do vial público, deberá tramitarse segundo o Anexo 3 Solicitud Autorización Ocupación de Dominio Público, da citada Ordenanza Reguladora da Intervención Urbanística Municipal en Obras e Actividades, BOP nº 19 do 24 de xaneiro do 2015.

Se a execución das obras conlevase afección á estrada OU-405 , de titularidade autonómica, o promotor deberá presentar a autorización da AXI previo o inicio das obras.

Comunicación previa de actividades con obra 363/2017 RIB /C/05.17/16

Considerando que con data de 8 de xaneiro de 2018 don Juan Luis González Vázquez presenta comunicación previa de actividade de adega e obras en representación de Bodegas Casal de Arman SL, en O Cotiño Santo André de Camporredondo, referencia catastral 32070A501105100001YL.

Visto o expediente tramitado.

Visto o informe da arquitecta municipal de data 18 de setembro de 2018 no que se conclúe:

“ Respecto da inclusión da Adega no Censo de Vertidos Municipais.

... Polo tanto considerase que en base aos resultados da analítica pódese autorizar provisionalmente durante un ano a inclusión da adega no censo de vertidos municipais, pendente de determinarse os caudais de vertido.

Dado que non hai coñecemento do caudal medio diario vertido á rede, o promotor deberá:

-Remitir ao concello os resultados analíticos de mostra de efluente na etapa de maior consumo na adega (enmarcado na fase de embotellado do proceso produtivo).

Respecto da comunicación previa de actividade con obras:

En data 23 de agosto de 2018, achégase planos :nº A8 REFORMA : PLANTA NIVEL 1; Nº A9 REFORMA : PLANTA NIVEL 2, e nº A12 REFORMA : ALZADO NORTE. Recóllese na nova planimetría as deficiencias detectadas na visita realizada o 14 de xuño de 2018; a sala de cartonaxe non está separada con tabique e porta de dobre folla; a situación dos extintores na planimetría non se axusta a realidade ; na sala de elaboración de viño, a pasarela ten un recorrido maior que o debuxado nos planos...

En vista , de toda a documentación técnica que forma parte do expediente, infórmase favorablemente a actividade de adega.”

O citado informe incorporase como motivación ao presente acordo , aos efectos previstos no artigo 88.6 da Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas, e copia do mesmo dárase traslado ao interesado.

Vista a Lei 9/2013 de emprendemento e competitividade económica de Galicia, artigo 25.1:

“ A comunicación previa presentada cumprindo con todos os requisitos constitúe un acto xurídico do particular que, de acordo coa lei, habilita para o inicio da actividade ou apertura do establecemento”

Vista a Ordenanza Reguladora da Intervención Urbanística Municipal en Obras e Actividades,artigo 28:

“ Cando a actuación comunicada se adecúe ao ordenamento xurídico e as prescricións de esta ordenanza , esta producirá os efectos establecidos na normativa de aplicación, constituíndo título habilitante para o inicio da actividade”

A xunta de goberno local ,oor unanimidade, acorda:

-Declarar a eficacia da comunicación previa presentada por don Juan Luis González Vázquez en representación de Bodegas Casal de Arman Sl , para actividade de adega en O Cotiño , Santo André de Camporredondo , Ribadavia, referencia catastral 32070A50105100001Y1 quedando habilitado o exercicio de actividade de adega.

-Visto o epígrafe do IAE da actividade , debe abonar a contía de 2256,33 euros en concepto de taxa municipal.

-Declarar a eficacia da comunicación previa de obras presentada con data de 8 de xaneiro de 2018 en O Cotiño , Santo André de Camporredondo , Ribadavia, referencia catastral 32070A50105100001Y1 .

-Autorizar provisionalmente, durante un ano, a inclusión da adega no censo de vertidos municipais, pendente de determinarse os caudais de vertido.

Dado que non hai coñecemento do caudal medio diario vertido á rede, o promotor deberá:

Remitir ao concello os resultados analíticos de mostra de efluente na etapa de maior consumo na adega (enmarcado na fase de embotellado do proceso produtivo).

OUTORGAMENTO LICENCIA DE OBRAS 1737/2018 RIB/ C/54/18-

*Visto o escrito presentado por **Dona María del Carmen Filgueira Paradela** , onde solicita Licenza para “ PROXECTO TÉCNICO DE REFORZO DE MURO DE CONTENCIÓN” documentación técnica redactada pola arquitecta técnica dona Patricia Armada Iglesias, visado nº 2018/1380 de 22/08/2018..*

Consta no expediente:

-Documentación técnica denominada “ PROXECTO TÉCNICO DE REFORZO DE MURO DE CONTENCIÓN” redactada pola arquitecta técnica dona Patricia Armada Iglesias, visado nº 2018/1380 de 22/08/2018..

- informe favorable da Sra Arquitecta municipal dona Mercedes Alvarez López de 19 de setembro de 2018.

Consta informe do Secretario municipal de data 20 de setembro de 2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Conceder licencia a **Dona María del Carmen Filgueira Paradela** , para “ PROXECTO TÉCNICO DE REFORZO DE MURO DE CONTENCIÓN” documentación técnica redactada pola arquitecta técnica dona Patricia Armada Iglesias, visado nº 2018/1380 de 22/08/2018..

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é



xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 144.3 da Lei do Solo de Galicia, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: *O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.*

Caducidade: *A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.*

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará muro de contención.

Contía na que se orzan as obras 3.093,30 €euros

Situación e emprazamento das obras : Estrada OU- 211 , Valdepereira 47..

Clasificación urbanística do solo: Solo rústico de protección ordinaria e Solo urbano consolidado.

Nome ou razón social do promotor: María del Carmen Filgueira Paradela

Prazos: *O prazo de inicio das obras non poderá exceder de (6) meses e o prazo de remate de tres anos , a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.*

Liquidación do ICIO Non procede a práctica de liquidación complementaria

OUTRAS CONDICIONS.-

-As obras executaranse segundo PROXECTO TÉCNICO DE REFORZO DE MURO DE CONTENCIÓN” documentación técnica redactada pola arquitecta técnica dona Patricia Armada Iglesias, visado nº 2018/1380 de 22/08/2018..

Respecto da seguridade dos traballadores, adoptaranse as medidas mínimas de seguridade e saúde recollidas na normativa aplicable.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

DEVOLUCIÓN DE TAXA

Visto o escrito de **Don José Ramon Novoa Salgado**, con domicilio na Baixada Noguera nº 2, Laias Cenlle, no que solicita a devolución da taxa aboada pola utilización do Castelo así como o importe da fianza depositada para garantir o bo estado da instalación.

Dado que o evento previsto non chegou a celebrarse, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder o solicitado, procedendo a devolución de 150 euros en concepto de taxa e 100 euros en concepto de fianza.

Que se notifique este acordo o interesado e os servicios de Intervención e Tesourería.

-Escrito de dona María Begoña Pérez Quevedo Ballesteros solicitando unha adecuada e suficiente canalización das augas pluviais e fecháis das rúas Baixada á Barca e Alvaro Cunqueiro.

A xunta de goberno acorda darlle traslado do escrito a Aqualia.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A xunta de goberno toma coñecemento dos seguintes:

-Escrito da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia comunicando Modificación do Rexistro de Entidades Deportivas , cambio de denominación e modificación da xunta directiva do Ribeiro do Avia Fútbol Club.

-Escrito da Demarcación de carreteras do Estado en Galicia comunicando que as obras do Campo de Fútbol de O Xestal se atopan fóra da zona de afección da autovía A-52 , polo que non é necesaria autorización da Unidade de Carreteras para a execución das mesmas.

-Escrito da Consellería de Medio Rural achegando informe elaborado polos Servizos de Infraestruturas Agrarias e Explotacións Agrarias en relación á actuación de acondicionamento de terreos para a recuperación ao estado orixinal anterior ás obras executadas en O Cotiño Santo André.

-Comunicación de resolución de autorización para a execución de obras de Rehabilitación da ponte metálica de Castrelo de Miño da Confederación Hidrográfica Miño Sil.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACIÓN LISTADO COBRATORIO DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA 3º TRIMESTRE DO 2018.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo subministro de auga, 3º trimestre do 2018, por importe de 51.877,54 euros, tarifa de depuración por importe de 10.034,17 euros, máis 6.204,05 euros de IVE, resultando un total de 68.115,76 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar o listado cobratorio da taxa de depuración de residuais, correspondente ao 3º trimestre do 2018, por importe de 19.669,17 euros, Canon de auga fixo da Xunta, por importe de 8.664,39 euros e Canon de auga variable da Xunta, por importe de 10.315,51 euros.- Asi mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda fixar como periodo cobratorio entre o 1 de outubro e o 21 de novembro de 2018”.

XUSTIFICACION DA SUBVENCION CONCEDIDA PARA A PROMOCION DO USO DA LINGUA GALEGA.-

O abeiro da Orde do 16 de Marzo de 2018, da Conselleria de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

- 1º.- Prestar aprobación a conta xustificativa da devandita subvención que se adxunta o presente acordo.
- 2º.- Que se cumpriu a finalidade da subvención e toma de razón en contabilidade.
- 3º.- Que non se recibiron outros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada.

XUSTIFICACION SUBVENCION CONCEDIDA POLA CONSELLERIA DE TRABALLO PARA ENTIDADES DE ACCION VOLUNTARIA E ENTIDADES LOCAIS ENMARCADAS NO PROGRAMA SERVICIO DE VOLUNTARIADO XUVENIL.-

O abeiro da Orde do 16 de abril de 2018, polo que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa servizo de voluntariado xuvenil, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

- 1º.- Prestar aprobación a conta xustificativa da devandita subvención que se adxunta o presente acordo.
- 2º.- Que se cumpriu a finalidade para a cal foi concebida a subvención.
- 3º.- Que se realizaron as actividades que se describen na memoria que se achega.
- 4º.- Que esta entidade non ten solicitado, aprobado, concedido nin pendente de resolución outras subvencións ou ingresos para a mesma finalidade.

APROBACIÓN DE FACTURA RELATIVA A “IMPLANTACIÓN DE CALDEIRA DE BIOMASA NA SEDE DA POLICIA LOCAL”

Vista a factura número 830021 de data 21/09/2018 presentada por Instalacions Amando S.L. NIF B-32243230 por importe de 11.608,76 euros correspondente a Contratación de Proxecto de “ Implantación de Caldeira de Biomasa na sede da Policia Local”.

Existindo consignación orzamentaria acaída e suficiente para asumir o gasto. Considerando que a actuación realizouse de forma acaída.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presente, acorda:

- Aprobar número 830021 de data 21/09/2018 presentada por Instalacions Amando S.L. NIF B-32243230 por importe de 11.608,76 euros euros

correspondente a Contratación de Proxecto de “ Implantación de Caldeira de Biomasa na sede da Policía Local” e efectuar o abono ao adxudicatario.

**APROBACION DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCION CONCEDIDA
POLA CONSELLERIA DE CULTURA, EDUCACION E ORDENACION
UNIVERSITARIA PARA A ESCOLA DE MUSICA.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a conta xustificativa da subvención concedida a esta entidade para a escola de música municipal ao abeiro da Orde do 7 de xuño de 2018 pola que se convocan axudas dirixidas a escolas de música non dependentes da Consellería, co teor que consta no expediente.”

APROBACIÓN PROXECTO DE OBRAS

Visto o proxecto de “Renovación de pavimento da beirarrúa dereita da rúa Virxe do Portal ” redactado polas arquitectas dona Mercedes Alvarez López e dona Begoña Arregui Rodríguez de data de marzo de 2018.

Vista a Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 147.2:” As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto previa acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística así como do planeamento en vigor”

Visto o escrito de data 11 de maio de 2018 do Servizo Provincial AXI de Ourense.

Vista a Resolución sobre actuación que afecta ao contorno de protección dun ben incluído no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, , expediente 66/438, promotor concello de Ribadavia , situación rúa Virxe do Portal, PBE renovación beirarrúa dereita rúa Portal, asinado con data de de 21/07/2018 na que se resolve:

“ Autorizar a execución do proxecto de renovación da beirarrúa dereita na rúa Virxe do Portal en Ribadavia, coa recomendación de que o material a empregar na pavimentación sexa o granito moreno tradicional da zona, evitando os granitos grises puros ou doutra cor que non harmonicen co das fábricas empregadas nos monumentos e elementos de acompañamento como o propio muro de contención que serve de límite lateral”

En exercicio de competencia delegada por Decreto de Alcaldía de 15 de xuño de 2015,a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto de “Renovación de pavimento da beirarrúa dereita da rúa Virxe do Portal ” redactado polas arquitectas dona Mercedes Alvarez López e dona Begoña Arregui Rodríguez de data de marzo de 2018.

-Constituír unha fianza de 500 euros na Caixa do Departamento Territorial da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia sita en Ourense, na rúa Progreso 38, Entrechan a favor da



Axencia Galega de Infraestruturas (Expediente nº IF206B 2018/26-3 , Asunto Renovación de pavimento de beirarrúa , Estrada OU-405, p.q 0+433-0+533)

Execución por medios propios do Proxecto básico e de execución de Renovación de pavimento da beirarrúa dereita da rúa Virxe do Portal

Vista a Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público:

artigo 30.1:” A execución das obras poderá realizarse polos servizos da Administración Pública, xa sexa empregando exclusivamente medios propios non personificados ou coa colaboración de empresarios particulares cando concorra algunha de estas circunstancias:

- a) Que a administración teña servizos técnicos suficientemente aptos para a realización da prestación”

Artigo 30.4: “ Cando de conformidade cos apartados anteriores de este artigo, a execución das obras ou a fabricación de bens mobles se efectúe en colaboración con empresarios particulares, o réxime xurídico aplicable a estes contratos será o previsto para os contratos de obras ou de suministro na presente lei. A selección do empresario colaborador efectuarase polos procedementos de adxudicación establecidos no artigo 131”

Considerando que o artigo 131.3 da LCSP contempla expresamente entre os procedementos de adxudicación a figura do contrato menor.

Visto o sinalado en “ Contratación del Sector Público Local.Comentarios al articulado de la nueva Ley 9/2017 de 8 de noviembre de Contratos del Sector Público” editorial Wolters Kluwer, páxina 189:” La realización de obras por la Administración con sus propios medios en todos los casos referidos es compatible, como se ha señalado, con la participación de empresarios particulares en la ejecución de dichas obras , en cuyo caso estos habrán de ser seleccionados de acuerdo con los procedimientos previstos en la ley”

Visto o “Informe 20/2009, de 5 de febrero, sobre contratación de los suministros de materiales y servicios en la ejecución de obras por la Administración “ da Comisión Consultiva de contratación administrativa da Junta de Andalucía :

“ No parecería lóxico que para la contratación de las obras en general esté prevista la contratación menor y que para los supuestos de ejecución de obras por la Administración estuviera excluída”

Vista a Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público:

artigo 18.1 : “ Únicamente poderá celebrarse contratos mixtos nas condicións establecidas no artigo 34.2 da presente lei”

artigo 34.2 :”Só poderan fusionarse prestacións correspondentes a diferentes contratos nun contrato mixto cando esas prestacións se atopen directamente vinculadas entre sí e manteñan relacións de complementariedade que esixan a súa consideración e tratamento como unha unidade funcional dirixida á satisfacción dunha determinada necesidade ou á consecución dun fin institucional propio da entidade contratante”

Vista a Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello de 26 de febreiro de 2014 sobre contratación pública, Considerando 11, párrafo segundo:

“ No es suficiente la intención expresa o presunta del poder adjudicador de considerar indivisibles los diversos aspectos que constituyen un contrato mixto, sino que debe apoyarse en pruebas objetivas capaces de justificarla y de establecer la necesidad de celebrar un contrato único.... En preciso aclarar que la necesidad de celebrar un único contrato puede deberse a motivos tanto de carácter técnico como económico”

Visto o sinalado por Victor Almonacid Lamelas en “ Los contratos mixtos” páxina 295 e seguintes que indica que a acumulación de prestacións non outorga por sí mesma a un contrato público a categoría de mixto e remite , a tal efecto , ao Informe 5/2004 da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Cataluña relativo á calificación xurídica dun contrato administrativo de mantemento, conservación , inversión para a reposición de alumeados e inversión nova para alumeados públicos e semáforos como de servizos e non mixto.

Considerando que é perfectamente viable, dende o punto de vista técnico de execución da obra, e conleva un aforro para o erario municipal realizar un contrato de subministro para a provisión da pedra necesaria para a realización da actuación.

A xunta de goberno local, por unanimidade , ACORDA:

Executar por medios propios o proxecto básico e de execución de Renovación de pavimento da beirarrúa dereita da rúa Virxe do Portal, coa colaboración da empresa Daniel Novoa Iglesias no relativo a demolición das aceras da rúa por importe de 6.303 euros, según orzamento número 0087/2018 de data 26/09/2018.

-Nomear directoras de obra ás arquitectas dona Mercedes Alvarez López e dona Begoña Arregui Rodríguez.

ADXUDICACIÓN CONTRATO DE SUBMINISTRO

Vista a Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público:

artigo 18.1 : “ Únicamente poderá celebrarse contratos mixtos nas condicións establecidas no artigo 34.2 da presente lei”



artigo 34.2 :”Só poderan fusionarse prestacións correspondentes a diferentes contratos nun contrato mixto cando esas prestacións se atopen directamente vinculadas entre sí e manteñan relacións de complementariedade que esixan a súa consideración e tratamento como unha unidade funcional dirixida á satisfacción dunha determinada necesidade ou á consecución dun fin institucional propio da entidade contratante”

artigo 16 : Son contratos de subministro os que teñen por obxecto a adquisición, arrendamento financeiro,ou arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens mobles.

Vista a Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello de 26 de febreiro de 2014 sobre contratación pública, Considerando 11, párrafo segundo:

“ No es suficiente la intención expresa o presunta del poder adjudicador de considerar indivisibles los diversos aspectos que constituyen un contrato mixto, sino que debe apoyarse en pruebas objetivas capaces de justificarla y de establecer la necesidad de celebrar un contrato único.... En preciso aclarar que la necesidad de celebrar un único contrato puede deberse a motivos tanto de carácter técnico como económico”

Visto o sinalado por Victor Almonacid Lamelas en “ Los contratos mixtos” páxina 295 e seguintes que indica que a acumulación de prestacións non outorga por sí mesma a un contrato público a categoría de mixto e remite , a tal efecto , ao Informe 5/2004 da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Cataluña relativo á calificación xurídica dun contrato administrativo de mantemento, conservación , inversión para a reposición de alumeados e inversión nova para alumeados públicos e semáforos como de servizos e non mixto.

Considerando que a adquisición por separado do material (lousas de pedra e plaqueta de pedra) necesario para a execución da obra de “ Renovación de pavimento da beirarrúa dereita da rúa Virxe do Portal” é perfectamente viable, dende o punto de vista técnico de execución da obra, e conleva un aforro para o erario municipal.

A xunta de goberno local,por unanimidade , ACORDA:

Contratar con Construcciones Lemos Martínez SL o subministro da pedra necesaria para a obra de

“ Renovación de pavimento da beirarrúa dereita da rúa Virxe do Portal” por importe de 18.148,79 euros.

Convocatoria de subvencións a entidades para mantemento de campos de fútbol.
Xustificación da subvención concedida

Visto o informe emitido polo Director do Servizo Municipal de Deportes:

Xustificación presentada pola entidade Ribadavia Atl

A factura presentada como xustificante da subvención , Factura nº 1700084 proveedor Maforgal SL, con data 10 marzo 2017 , non corresponde cos requisitos recollidos nas bases da convocatoria , xa que a xustificación debe corresponder a gastos da tempada 2017/2018.

Xustificación presentada pola entidade Ribeiro FC

Rematado o prazo para presentar a xustificación o 1 / Setembro /2018 , non consta.

Xustificación presentada pola entidade Francelos FC

Que os xustificantes de gasto presentados pola entidade cumpren co recollido nas bases da convocatoria.

Polo que procede o pagamento das cantidades concedidas , según resolución definitiva aprobada pola Xunta de goberno local de 23 de xullo de 2018:

Francelos FC	1033,24 €
--------------	-----------

A xunta de goberno acorda efectuar o pago de 1033,24 € a Francelos FC en concepto de subvención a entidades para mantemento de campos de fútbol, ao ter xustificada de xeito completo a subvención concedida.

APROBACIÓN DE HORAS EXTRAORDINARIAS

Visto o informe do Cabo Xefe da Policía Local de data 31.07.2018 relativo a relación de horas acumuladas polos axentes da policía local durante os meses de xuño e xullo pasado, motivado por baixas de membros da policía local, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda, prestar aprobación a seguinte relación:

Candido A. Rivera Fernández, 17,5 horas.

José Miguel Curras Rincón, 35 horas.

José Antonio Coca Rodríguez, 30 horas.

José Luis Vázquez Fernández, 32 horas.

Camilo Pérez Martínez, 10 horas.

Que se comunique o presente acordo os servicios de Intervención e Tesoureria.

APROBACIÓN DO PADRÓN DO IAE

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación ao Padrón Municipal do Imposto de Actividades Económicas correspondente ao exercicio de 2018, por importe de 52.741,18 euros. Así mesmo a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda fixar o período de cobro voluntario entre o 17 de outubro e o 19 de decembro de 2018.”

APROBACIÓN DE PADRÓN COBRATORIO DA TAXA DE SUBMINISTRO DE AUGA E DEPURACIÓN DE RESIDUAIS 2016.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación ao Padrón cobratorio da taxa de subministro de auga e depuración de residuais(1º, 2º, 3º e 4º trimestre 2016), co teor que consta no expediente. Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes acorda fixar o periodo de cobro voluntario entre o 1 de outubro e o 30 de novembro de 2018.”

-Escrito da Policía local remitindo informe sobre suspensión do período de vacacións de diversos axentes da Policía Local.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dez horas da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Concello de Ribadavia